



Bases Campamento Vacacións en Movemento 2026

1. Obxecto

O Concello de Miño pon en marcha o programa “Vacacións en movemento”, para promover e permitir a conciliación da vida laboral, persoal e familiar a través da realización de actividades deportivas de calidade que promovan a educación para a convivencia, a igualdade, a interculturalidade, a saúde, e o ocio saudable.

Utilizando os recursos naturais do contorno de Miño, así como as instalacións deportivas e sociais propias do Concello, ofrécese aos menores un repertorio de actividades dinámicas e deportivas para realizar en grupo e de xeito cooperativo.

Fomentaremos ademais o coñecemento do deporte de base dentro do noso Concello, promovendo así a través das actividades os hábitos saudables, a incorporación do deporte no ocio das e dos menores e o contacto coa actividade física regular.

Así ao longo dos días de vacacións do período de Semana Santa, as e os menores poderán gozar de tempos de ocio en instalacións sociais mais encamiñados ao fomento de actividades creativas e artísticas, combinados con xornadas diarias de deporte cooperativo e de equipo xunto con diferentes escolas deportivas do Concello.

2. Destinatarios

O campamento está destinado a aquelas nenas e nenos nados entre os anos 2014 e 2022 (ambos inclusive) e que cumpran os seguintes **requisitos**:

- Empadroados/as no Concello de Miño a 1 de xaneiro de 2026
- Proxenitoras/es traballadores en Miño. (Adxuntando certificado de empresa)

3. Descrición do Campamento

3.1. Datas

Campamento de 3 días de duración en horario laboral de 08:00 a 14:00.

Realizarase esta actividade nos días de vacacións escolares de Semana Santa que non son festivos; é dicir do 30 de marzo ao 1 de Abril do 2026.



3.2. Lugar

O campamento ten como zona de entrega e recollida de participantes o centro socio cultural de A Rúa, ou as pistas da Galea (Pavillón Municipal) en función da opción de campamento que elixan os propios participantes.

En caso de que as condicións climatolóxicas non acompañen, a actividade deportiva pasaría para o Pavillón Municipal.

3.3. Prazas

Ofértanse un total de 50 prazas, formándose grupos dun máximo de 10 participantes para as actividades motrices que se realizarán de 11:00 a 14:00 horas; e de 30 prazas para a franxa horaria de 08 a 11 horas que ten como obxectivo facilitar a conciliación da vida familiar.

As prazas asignaranse tendo en conta a renda per cápita das unidades familiares solicitantes, ordenando as solicitudes por orde crecente.

Corresponde ao Concello de Miño realizar o seguimento do desenvolvemento do mesmo, a través da coordinación coa empresa contratada, así como xestionar as solicitudes, realizando as valoracións para a selección das e dos participantes, e intervindo xunto co monitorado e a empresa sempre que sexa necesario.

3.4. Horario

O horario de entrada e saída varía en función da actividade na que queiran participar dentro das opcións que se plantexan. O programa divídese en dous apartados:

- a) Conciliación: dedicados os nenos e nenas que precisen entrar en horario de mañá, e que logo van participar nas xornadas diarias de deporte cooperativo e de equipo no pavillón deportivo e nas pistas polideportivas de Galea.
 - Entrada:
 - o Ás 08:00 h.
 - o Ás 09:00 h.
 - Saída:
 - o Ás 14:00 h.



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

ÁREA: CULTURA DEPORTES
SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE: 2026/D002/000004

- b) Multideporte: dedicados os nenos e nenas que desexen realizar unicamente as xornadas diarias de deporte cooperativo e de equipo no pavillón deportivo e nas pistas polideportivas de Galea.
- Entrada:
 - o Ás 11:00 h.
 - Saída:
 - o Ás 14.00 h.

4. Preinscrición

O prazo de preinscrición para tódolos días é do luns 16 de marzo dende as 9:00 horas ata o luns 23 de marzo. De quedaren prazas libres, poderanse inscribir unha vez finalizado o prazo.

Presentación telemática na [Sede electrónica](https://sede.concellodemino.gal/) do Concello de Miño ou presencial no Rexistro municipal.

A documentación complementaria a presentar coa **preinscrición** é a seguinte:

- **Declaración da renda do último exercicio.**

5. ACTIVIDADE GRATUÍTA

6. Adxudicación de prazas

Unha vez rematado o período de inscrición, aquelas persoas que teñan praza no campamento recibirán a confirmación por mensaxe de móbil ou e-mail.

7. Renuncia á praza.

Aqueles participantes que desexen renunciar á praza, tras ter sido esta confirmada polo Concello, deben comunicar a renuncia oficialmente.

En Miño, na data da sinatura electrónica

O alcalde

Asdo.- Manuel Vázquez Faraldo

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal/>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.